



Normas

1. Salvo a Final, todas as roldas se levarán a cabo a través da aplicación kahoot (<https://kahoot.com/>). Cada equipo traerá un dispositivo móbil coa aplicación descargada. Recoméndase practicar o uso da mesma.
2. A final será en formato concurso oral (pregunta-resposta sen rebote) actuando como presentador e moderador Jesús de Juana, Catedrático de Historia Contemporánea. A cada pregunta só contestará o/a portavoz do equipo. Calquera resposta que non sexa emitida polo/a mesmo/a non será admitida. Se un membro doutro equipo contesta fóra de quenda, a pregunta será anulada e o seu equipo será sancionado cun punto menos.
3. Se un asistente ao evento interfirese no desenvolvemento da proba de calquera modo, será expulsado da aula.
4. Se durante o desenvolvemento do concurso un equipo mostra un comportamento inapropiado poderá ser descalificado.

Lugar de celebración e horarios

Toda a Olimpiada desenvolverase **na 4ª planta da Facultade de Historia do campus de Ourense** que está localizada no Edificio Facultades (tamén chamado Edificio de Ferro). Dado que é un día lectivo e estamos en época de exames pregamos que non se saia da planta e se manteña un comportamento correcto. Así mesmo, recomendamos máxima puntualidade, xa que o tempo está bastante axustado.

Tempos de roldas

As roldas durarán ata que se remate o tempo asignado a cada unha ou ata que se rematen as preguntas (40 por rolda). Se se remata antes de tempo, non se sae da aula ata que pasan os minutos estimados.

1ª, 2ª e 3ª Roldas: 20 minutos

1ª e 2ª Semifinais: 15 minutos

Final: 30 minutos



Tipos de preguntas e tempos de resposta

- ✓ **Verdadeiro ou Falso:** máximo 10 segundos
- ✓ **Imaxes:** máximo 20 segundos
- ✓ **Selección resposta correcta:** máximo 20 segundos
- ✓ **Textos:** máximo 30 segundos

Desenvolvemento da Olimpíada

09.15-09.45: Recepción e entrega de documentación. **4ª planta.** Haberá 4 mesas, cada unha cun número de grupos asignado. É importante que saibades o número de equipo ao que pertencedes, que figura no listado de inscristos que vos enviamos.

Mesa 1: 1 ao 8

Mesa 2: 9 ao 16

Mesa 3: 17 ao 24

Mesa 4: 25 ao 31

10.00 Acto de benvida e sorteo dos equipos: O Acto de benvida e o sorteo coa asignación ás respectivas aulas terá lugar **na aula 4.3.**

10:30-10.50 1ª Rolda: Haberá catro probas exactas paralelas, 8 equipos por aula (20 minutos). De cada aula sairán clasificados dous equipos que pasarán directamente á 3ª Rolda. As aulas serán a 4.1, 4.2, 4.3 e o Salón de Graos, todas elas na 4ª planta.

11.00-11.20 2ª Rolda: Trátase dunha repesca entre todos os equipos non clasificados na rolda anterior. Haberá catro probas exactas paralelas, 6 equipos por aula (20 minutos). Neste caso a asignación de aula será segundo o cadro clasificatorio (ver Anexo I), co obxectivo de que non coincidan os mesmos equipos que na rolda anterior. De cada aula sairán clasificados dous equipos que pasarán á 3ª Rolda. As aulas serán a 4.1, 4.2, 4.3 e o Salón de Graos, todas elas na 4ª planta.



11.20-11.55 Descanso Entregarase unha bolsa, na mesma mesa na que se recolleu a documentación, cunha botella de auga, un bocata de xamón serrano e unha froita. Para os/as titores/as e organizadores/as servirase un café e bica na Sala de Profesorado, situada tamén no 4º andar,

12.00-12:20 3ª Rolda: Haberá dúas probas exactas paralelas (20 minutos) con 8 equipos cada unha. Terán lugar nas aulas 4.1 e 4.2. De cada aula sairán clasificados dous equipos.

12.30-12.45 1ªSemifinal: Participarán dous equipos segundo cadro clasificatorio (ver Anexo I) (15 minutos). A aula será a 4.3

12.25-13.00 2ªSemifinal: Participarán dous equipos segundo cadro clasificatorio (ver Anexo I) (15 minutos). A aula será a 4.3

13:00-13.15 Descanso

13.15-13.45 Final: Esta proba (20 minutos) será de carácter oral co mesmo formato de preguntas. Aquelas que non fosen resoltas serán aclaradas polo moderador, en ningún caso haberá rebote. En caso de empate, resolverase mediante "morte súbita". A aula será a 4.3.

14.00 Entrega de premios: No Salón de Graos procederase á entrega de premios e clausura da Olimpiada.